

Suplemento  
realizado  
por ADEGA



Quinta feira,  
7 de xuño  
de 2018  
Número 16

Caderno de  
análise sobre  
ecoloxismo  
e o ambiente  
en Galiza.  
Coordinación:  
Manuel Soto  
Castiñeira

Despois de sufrir intensamente os incendios de outubro de 2017, Vigo e outras comarcas do sur de Galiza están a ser o mellor expoñente da forte acollida que tivo no país a campaña da iniciativa legislativa popular (ILP) en defensa do bosque autóctono. O traballo desembocou na recente creación da nova delegación territorial de ADEGA-Vigo, co obxectivo de impulsar e ampliar o dialogo crítico en temática ambiental, desde a cidade ás vilas e aldeas da bisbarra. Bosque e biodiversidade, Auga, ríos e litoral, e Ecoloxía urbana (cidade, mobilidade, residuos...) son os tres eidos aos que a asemblea de ADEGA-Vigo quere dar resposta. O modelo de cidade, a salvagarda das últimas carballeiras que lle quedan, os impactos das grandes áreas comerciais, o insostíbel modelo de consumo, a xestión da auga nun futuro de cambio climático, a protección real das Illas Cíes, ou a necesidade dun tren de proximidade como base para unha mobilidade máis sostíbel están na axenda de ADEGA-Vigo. >>>>> **2-5 e 8**

## Reforzamos a defensa ecolóxica en Vigo



Colaboracións:  
ADEGA-Vigo, Ángel E.  
López, Fins Eirexas,  
Ramsés Pérez, Belén  
Rodríguez, Pepe  
Salvadores.



Entrevista a Ángel E. López Pérez,  
presidente de ADEGA-Vigo >>> 8

“ADEGA-Vigo combinará a denuncia das actuacións negativas para o medio coa acción positiva do voluntariado”



# ADEGA organízase para a defensa ambiental en Vigo

O pasado 23 de abril constituíse en asemblea a nova delegación territorial de ADEGA en Vigo, conformada por socias e socios de Vigo e de outras comarcas do sur de Pontevedra. Esta constitución foi froito de reunións previas motivadas para promover accións ao redor da campaña da ILP en defensa do bosque autóctono, e ideouse co obxectivo de impulsar e ampliar o diálogo crítico en temática ambiental na cidade e na súa bisbarra. ADEGA-Vigo vertebrouse en tres eixos de actuación principais, Bosque e biodiversidade, Auga (ríos e litoral) e cidade sostíbel, mobilidade e residuos, buscando detectar problemáticas ambientais e organizar accións concretas de resposta.

Un dos principais obxectivos marcados na asemblea constitutiva foi o de dar resposta a proxectos e actuacións que poidan afectar negativamente ao patrimonio natural e ecolóxico da nosa contorna, cometido que se realizará principalmente a través da presentación de alegacións e de denuncias ambientais. Mais tamén se determinou a importancia de poñer en valor os elementos naturais presentes no medio, e para este cometido vanse levar a cabo accións de educación ambiental con diferentes campañas de sensibilización e de accións de intervención e de custodia do territorio.

E co fin de construír rede e tecido asociativo e sumar sinerxias polo camiño, sempre que sexa posíbel contarase coa colaboración de outras entidades e organizacións locais. Pensamos que é importante estar en diálogo permanente e fluído con asociacións veciñais, asociacións culturais, comunidades de montes, centros e colectivos sociais, IES, CIFP, así como con outras entidades ecoloxistas. Entre estas últimas salientamos algunhas asociacións presentes na contorna que son todo un referente a seguir, como poden ser: a Asociación Pola Defensa da Ría, cos seus 30 anos de experiencia en defensa da ría de Pontevedra denunciando o deterioro ambiental da mesma pola presenza de ENCE en Lourizán; a Plataforma pola Defensa da Ría de Vigo-Cíes; ou ben as asociación Fontaiñas, Lagares Vivo ou a Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños, entre outras moitas. E aproveitando a nosa situación xeográfica temos a intención de servir de ponte para impulsar, desde ADEGA, máis colaboracións con entidades de Portugal, como poden ser a asociación ecoloxista Quercus, o Fapas (Fundo para a Protecção dos Animais Selvagens) ou Aspea (Associação Portuguesa de Educação Ambiental).

**AS ACTUACIÓNS DO CONCELLO DEBEN ENCAMIÑARSE A SALVAGARDAR ESES ÚLTIMOS ESPAZOS NATURAIS DA CIDADE, E INTEGRAR O VALOR AMBIENTAL DAS CARBALLEIRAS**

Nestas primeiras conversas tamén xurdiu un interesante debate relativo ao nome que debía levar esta nova delegación territorial de ADEGA, pois temos fondo interese en que non só socias e socios e cidadáns de Vigo estean representados e involucrados nas nosas accións, senón, como non podía ser doutro xeito, persoas que teñan sensibilidade ambiental e que estean, fisicamente falando, incluídos na área de influencia da cidade. Tamén nos pareceu interesante que se faga notar a importancia crucial que cremos teñen as vilas, aldeas e núcleos de poboación da bisbarra no eido da conservación medioambiental aínda que o seu peso demográfico sexa cativo en proporción. De aí que, sirva coma exemplo, existiran xa canles de comunicación nos que a denominación era Vigo-Morraxo aínda que todos acordamos que, loxicamente, outras áreas de poboación non estaban representadas. Foi este un dos motivos que nos levou a simplificar o nome da delegación e acordar chamámonos ADEGA-Vigo,

pero só cunha intención operativa de simplificación, pois como xa temos indicado, nos atinxen os problemas da gran cidade e de toda a súa área de influencia.

**En defensa do bosque autóctono e das últimas carballeiras**

Durante estes meses realizamos diferentes accións baixo o paraugas da Iniciativa Lexislativa Popular en defensa do bosque autóctono, como mesas informativas e de recollida de sinaturas ou presentacións da campaña en diversos centros sociais, chegando a conseguir máis de 3.000 sinaturas en diferentes puntos da cidade e da península do Morraxo. Ademais están en axenda novas mesas e presentacións da campaña en colaboración con Galiza contraifno, onde faremos un acto







aproveite o valor ambiental presente no territorio. Ademais da presentación de alegacións, organizamos conxuntamente coa veciñanza un roteiro interpretativo e de identificación de especies de flora e fauna a través das carballeiras e do seu entorno.

#### As praias e os ríos impórtannos

O sábado 12 de maio, a delegación de ADEGA-Vigo en colaboración coa Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños (Cemma) e PradoSurf, realizou unha limpeza de lixo na praia de Patos, Nigrán, xunto cunha acción de simulacro de rescate dun golfinho varado orquestrado pola Cemma.

Tamén estamos a coordinar inspeccións do Proxecto Ríos para realizar no río Lagares. A finalidade destas inspeccións é a de realizar unha campaña de educación ambiental para custodiar diversos treitos do río. Así preténdese estudar a calidade ambiental do Lagares, facendo fincapé en determinadas deficiencias do mesmo como é a ausencia de conectividade ecolóxica e de bosque de ribeira, ou denunciando a baixa calidade ambiental das súas augas.

Seguindo esta mesma liña de actuación realizouse, xunto coa Plataforma pola Defensa do río Verdugo (Pladever), un acto de divulgación e de denuncia a prol dunha mellor xestión da auga na comarca de Vigo. Este acto xorde debido á intención de executar un transvase de auga desde o río Verdugo ao río Oitavén, proxecto impulsado polo Alcalde de Vigo e que conta co apoio da Xunta de Galicia e do organismo competente Augas de Galicia. Entendemos que estas actuacións responden a decisións improvisadas tomadas durante un período de seca extrema no contexto de Cambio Global que estamos a vivir, de tal xeito que desde a delegación de ADEGA-Vigo reivindicamos un cambio no modelo da xestión da auga por outro máis sostíbel, baseado nunha planificación que teña en conta a eficiencia e o aforro dos recursos hídricos, así como a resiliencia ante os efectos do cambio climático.



conxunto de presentación da ILP xunto coa proxección do documental “Un país de cinzas”.

Tamén se presentou, xunto coa veciñanza do barrio de Navia, alegacións ante a “segunda modificación do plan parcial de San Paio de Navia”, plano urbanístico que supón a eliminación dunha das últimas carballeiras do entorno urbano de Vigo. Esta actuación, planificada en ausencia dun PXOM actualizado debido á anulación do Plan Xeral do ano 2008, pretende a construción de máis de 1.180 vivendas, case máis do dobre do previsto inicialmente para esta fase. A realización deste plan maniféstase coa desaparición dunha área verde que non só actúa como refuxio da fauna, senón que ten un enorme potencial de recreo e uso público mediante unha pequena actuación de restauración ambiental. Desde a delegación de ADEGA-Vigo entendemos que as actuacións do concello deberían ir encamiñadas a salvagardar estes últimos espazos naturais da cidade, apostando por un modelo de cidade que integre e

Arriba, unha das actividades de limpeza de praias realizadas por Adegas; abaixo, asemblea do día 23 de abril na que se constituíu a nova delegación territorial de ADEGA-Vigo.



# Máis prioridades ambientais para AD

Novas áreas comerciais ameazan espazos verdes, montes comunais e a sustentabilidade

Desde ADEGA-Vigo estamos a planificar diferentes actuacións coas que traballar nos seguintes meses, tanto a curto como a medio e longo prazo. Estas actuacións, xa sexan a través de accións de denuncias ou de campañas de sensibilización, vanse centrar en diferentes temáticas que pensamos que teñen, ou que poden chegar a ter, unha gran incidencia ambiental na comarca.

## Novo estadio do Celta e novas áreas comerciais

Neste eido queremos centrar a atención na destrución de 864.000 metros cadrados de monte, a metade pertencente ao monte comunal da parroquia de Tameiga, en Mos, debido á construción da nova cidade deportiva do Celta de Vigo. Esta actuación, a cal precisa dunha modificación puntual do PXOM deste concello co fin de mudar os terreos forestais comunitarios a usos de carácter privado, prevé a construción dun novo estadio para o Celta, diversas instalacións deportivas, ademais de 120.000 metros cadrados destinados á construción dunha nova área comercial. Isto supón, ademais de incontables impactos ambientais negativos, unha nova perda máis de terreos mancomunais e de masas forestais en favor de intereses privados. A escasos quilómetros da futura cidade deportiva tamén están planificadas outras actuacións para construír outras novas áreas comerciais con grande incidencia negativa en espazos verdes e no rururbano vigués, fomentando así un modelo de consumo e de facer cidade insostenible tanto a nivel ambiental (consumismo desmedido, comercio global e mobilidade privada) coma social (emprego precario e destrución do comercio local e de proximidade). Estes novos proxectos son Porto Cabral, no monte comunal de Liñeiros en Cabral, ou o centro comercial Recaré, localizado na entidade menor de Bembrive. Neste sentido, desde a delegación presentaremos alegacións e campañas de denuncia ao que consideramos un espolio do patrimonio natural, poñendo en valor o potencial que pode ter a figura dos montes comunais na comarca con outro modelo de xestión forestal que aposte pola multifuncionalidade e o desenvolvemento sostible do monte.

## O Parque Nacional das Illas Atlánticas

A súa vez queremos facer fincapé e denunciar a situación do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas, en especial ao tocante ás Illas Cíes, onde consideramos que se están a aplicar políticas enfocadas a converter as illas nun atractivo para atraer turistas, pasando a un segundo plano, ou obviando, as medidas de conservación dos valores naturais e ecolóxicos presentes no parque, así

### A AFLUENCIA DE ATÉ 2.800 PERSOAS DIARIAS XERA UN IMPACTO MOI NEGATIVO NA FAUNA E FLORA DAS ILLAS

como as medidas de restauración ambiental das áreas máis degradadas do mesmo, xa que por exemplo a presenza de Especies Exóticas Invasoras (EEl) é unha constante. Pensamos que o futuro Plan Reitor de Uso e Xestión (PRUX) do parque, que acaba de saír do período de alegacións, establece unha capacidade de carga que é demasiado alta para salvagardar o equilibrio ecolóxico das illas, e que responde principalmente aos intereses privados das navieras e do sector turístico. Deste xeito o PRUX permitiría a presenza nas illas Cíes de até 2.800 persoas diarias tendo en conta as que poden acceder en transporte marítimo, en grupos organizados e os que poden estar pernoctando no cámping, xunto aos 125 fondeos ao día permitidos nas súas costas. Toda esta afluencia xera un grande impacto negativo a nivel de ruído e de aglomeracións que afecta tanto á fauna como á flora, provocando tamén un gran problema no referente á xeración de residuos, ou mesmo na calidade da visita.



### As Especies Exóticas Invasoras (EEl): unha prioridade de actuación!

Dende a nosa delegación asumimos a loita contra as Especies Exóticas Invasoras (EEl) como unha área prioritaria de actuación e un tema transversal presente nas diferentes actividades propostas. A introdución das EEl é a ameaza máis importante para a conservación da biodiversidade e un dos factores con máis peso na destrución dos nosos hábitats, polo que cómpre deseñar diferentes iniciativas de prevención, denuncia e de intervención directa no medio que procuren a súa erradicación.

Recollida de sinaturas a prol da ILP en defensa do bosque autóctono na Porta do Sol durante a festa da Reconquista de Vigo no pasado mes de abril.



# DEGA-Vigo

## abilidade do rururbano



### O lixo no mar

A súa vez, o enorme impacto ambiental causado polos residuos mariños obriga á posta en marcha de labores de sensibilización social, para que a cidadanía sexa consciente do alcance do problema e adopte actitudes que contribúan á diminución do uso dos plásticos e, sobre todo, a evitar que estes cheguen ao medio mariño. As consecuencias que produce o lixo mariño, en termos de perda de calidade do hábitat e sobre a fauna mariña, fai que este sexa un tema prioritario nas accións ambientais nos ríos e no litoral. Neste sentido estanse preparando novas actuacións na liña da recollida de lixo mariño do litoral e mesmo do mar.



### Anímaste a participar?

As socias e socios da delegación de Adegas Vigo reunímonos o primeiro e terceiro mércores de cada mes, ás 20:00h, no centro social a Cova dos Ratos (r/ Romil nº 3, Vigo). Estas xuntanzas tamén son abertas a todas as persoas que queiran propoñer ou expoñer unha problemática ambiental que considere de importancia relevante. Deste xeito tentaremos dar unha resposta colectiva para procurar entre todas e todos a mellor solución ou acción ante a problemática suxerida.

### Anímaste entón a participar connosco na defensa do medio ambiente?

Podes contactar en calquera momento a través do correo [adegavigo@adegal.gal](mailto:adegavigo@adegal.gal). <http://adega.gal>

### Mobilidade: unha alternativa ao vehículo privado

Tamén queremos poñer o foco no eido da mobilidade na cidade e repensarmos outros modelos posibles de facer cidade máis sostibles, algo que é inexistente cun servizo de transporte público moi deficiente para a superficie e densidade de poboación presente en toda a área metropolitana. Pensamos que este modelo ten que apostar por unha planificación eficaz e eficiente do transporte público a nivel comarcal, con horarios, frecuencias e puntos nodais que satisfagan as necesidades reais da poboación e supoñan unha alternativa cómoda e barata ante o uso do vehículo privado. Neste campo tamén sobresaie a necesidade dun tren de proximidade para toda a área metropolitana de Vigo, onde xa existe unha estrutura ferroviaria que se podería adaptar a este novo uso, dando servizo desde Vigo a Tui, pasando polos concellos de Redondela e O Porriño e con ligazóns cara Pontevedra. Por outra banda tamén pensamos que é necesario apostar por unha planificación dun carril bici que achegue conectividade e seguridade ás ciclistas desta cidade e doutras vilas da contorna para os seus desprazamentos diarios.

### Custodia do territorio: os montes

Desde a delegación estamos a manter contactos tanto con Comunidades de Montes, como con entidades que levan a cabo labores de custodia nos montes da comarca, coa idea de colaborar nos procesos de valorización, restauración ambiental e prevención dos lumes. Deste xeito, impulsárase unha brigada deseucaliptizadora no monte comunal da parroquia de Rebordelo, en Cerdedo-Cotobade. A idea é de establecer un grupo de traballo que faga accións de eliminación de eucaliptos e outras especies invasoras xunto con accións de reforestación. Estas accións irán da man da posta en valor dunhas charcas presentes no mesmo monte comunal, co fin de realizar inspeccións periódicas que permitan catalogalas e incluílas dentro da iniciativa de Charcas con Vida.

Arriba, simulación dunha operación de rescate dun golfinho varado na praia de Patos, Nigrán, orquestrado pola CEMMA despois da acción de limpeza do areal; abaixo, roteiro interpretativo pola carballeira de Navia en perigo de desaparición, onde se identificaron as especies de flora e fauna, así como as especies exóticas invasoras (EEIs) a erradicar presentes nela.





### — Campo de voluntariado ambiental no Bibei

Do 25 ao 27 de maio, o traballo de Adegas contou coa colaboración da DXPN da Xunta de Galicia e o apoio do Concello de Manzaneda. No lugar escollido, o río Bibei en Ourense, ADEGA continúa coas tarefas de estudo e seguimento de especies invasoras que ven desenvolvendo desde hai anos.



### — Prevención de residuos, recollida separada e compostaxe

ADEGA continúa cos programas de educación ambiental e alternativas sostíbeis na xestión dos residuos en diferentes zonas do país. Nas imaxes, obradoiro para a mellora da separación en orixe co CEIP Pumar de Urdilde (Barbanza), e construción e instalación de composteiros na Fundación Agarimo co curso para persoas desempregadas de Arteixo.



# Actualidade ambiental en imaxes



### — Roteiro pola Costa da Vela

Lonxitude: 9 Km. Dificuldade: Media. Saída de Lugo, 8h. A Costa da Vela representa un dos tramos litorais máis agreste das Rías Baixas, ao par das illas que ten en fronte: Cíes e Ons. Os cantís costeiros son dominantes, pero tamén acolle ás praias máis salvaxes da ría de Vigo. O monte Facho é un importante xacemento castrexo e romano, obxecto de recentes escavacións, e punto destacado para a navegación e a caza de balea durante séculos. Dependendo da meteoroloxía, optaremos por coñecer a metade sur do espazo natural (Cabo Home e praias e dunas de Barra, Viñó e Nerga) ou ben a máis descoñecida e abrupta metade norte, dominadas polas matogueiras de cantil e xesteiras inzadas de porcos bravos, até chegar a Punta Couso, onde se abre á ría de Pontevedra a través da fermosa enseada de Aldán. Este roteiro pechará o ciclo de andainas "20 anos camiñando con ADEGA-Lugo". Máis información: <http://adega.gal> ou <http://roteirosadegalugo.wordpress.org>



### — Solsticio de verán na Eira da Xoana

Como en anos anteriores, na noite máxica do sábado 23 de xuño soará a música celta e completaremos o ritual que forma parte do noso patrimonio inmaterial. A partir das 19 horas apañaremos as plantas para fornecer a auga enfeitizada. Máis información en <http://eiradaxoana.gal/>.

### — Custodiando o Sobreiral do Arnego

Co apoio da Fundación Biodiversidade, ADEGA continúa este programa cunha nova descuberta de Biodiversidade (Biobliz), desta volta dedicada a flora do Sobreiral do Arnego.



ADEGA traballa arreo na defensa ecolóxica de Galiza, como podes ollar neste breve resumo das últimas semanas. Non fiques parada: súmate á defensa ecolóxica de Galiza, visita a nosa web ([www.adega.gal](http://www.adega.gal)) e participa nos grupos activos ou faite socia/o.





## — Compostaxe 1, vertedoiros 0

A Xunta vén de denegar a autorización ambiental do macro-vertedoiro de Lousame, unha instalación para soterrar 1 millón de ton. de residuos ás portas da ría de Noia. A D. X. de Calidade Ambiental e Cambio Climático rexeita o proxecto por “causar efectos negativos significativos sobre o medio ambiente”, “contradidir o principio de promover a valorización fronte á eliminación” e por contar “cun forte rexeitamento social”. Esta era só unha das metástases da ateigada e insustentábel Sogama, que pretendía valerse de Lousame (como antes de Trazo -desistido-, e Ordes -pendente de resolución-), como “caixa B” para soterrar máis residuos. Un macro-vertedoiro que pretendía vampirizar a planta de compostaxe do Barbanza, ao situarse ao seu carón.



## — Outro desastre mineiro pode repetirse en Andalucía e Galiza

Este pasado 25 de abril cumpríronse 20 anos do desastre Aznalcóllar que provocou o vertido de 5 millóns de m<sup>3</sup> de augas tóxicas. A reactivación dos proxectos mineiros de Riotinto e Touro ameaza novamente a bacía do Guadalquivir (Riotinto) e a ría de Arousa (Touro). Na Galiza, as promesas da mineira Atalaya Mining para a mina de Touro falan de “risco cero” e “vertidos cero” malia a que o seu proxecto presenta graves eivas ambientais. Porén, Atalaya Mining é tamén propietaria dos dereitos mineiros da mina de Riotinto, en Huelva, desde hai 10 anos, tempo no que Atalaya Mining acumula dous expedientes sancionadores por vertidos ao dominio público de máis de 2 millóns de m<sup>3</sup> de residuos. Tamén foi obxecto dunha paralización cautelar da actividade produtiva por incumprimento do plano de labores, e un procedemento penal por contaminación atmosférica, a instancias da Fiscalía...



## — A UE prohíbe o uso ao aire libre de tres pesticidas perigosos para as abellas

O pasado 27 de abril votouse na UE a favor da prohibición do uso ao aire libre de tres insecticidas neonicotinoídeos (clothianidin, imidacloprid e tiamethoxam), despois de que a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA) confirmara o perigo que causan para as abellas. Revisáronse máis de 1.500 estudos científicos para confirmar ese alto risco para as abellas e tamén que as restricións da UE impostas en 2013 e apoiadas por España son insuficientes para controlar os riscos. Unha pequena vitoria para as abellas, e para as máis de 110 entidades estatais e internacionais que levamos décadas reclamando a prohibición destas substancias.



## — ADEGA-Vigo alega na defensa das últimas carballeiras da cidade

ADEGA-Vigo e veciños/as do barrio de Navia alegaron contra a ampliación urbanística de San Paio de Navia, que eliminaría unha das últimas carballeiras da cidade de Vigo. Con esta modificación queren construír 1.180 vivendas, case máis do dobre do previsto inicialmente. A carballeira afectada é un dos últimos anacos de bosque caducifolio atlántico dentro do perímetro urbano da cidade.



## «O cambio global deste Antropoceno vainos deparar un futuro incerto»

### Ángel E. López

**Pérez** é presidente de ADEGA-Vigo desde o pasado mes de abril. Titulado en Xeoloxía e en Enxeñaría Xeolóxica, está traballando na súa tese de doutoramento no eido da xeoloxía mariña na Universidade de Vigo. Ao tempo, está a rematar o ciclo superior de F.P. de Educación e Control Ambiental no CIFP da Granxa en Pontearreas.



### Que te levou a preocuparte pola defensa do medio ambiente?

Xa na adolescencia tocouse vivir o accidente do *Prestige* ou a vaga de incendios do 2006. Cos anos entendín que o sistema en si mesmo é un despropósito, desde as políticas de conservación á ordenación territorial. Xa na facultade participei en diversas plataformas, como o movemento *antifracking*, e en accións de voluntariado ambiental con diferentes colectivos, entre eles ADEGA. Decidín dar o paso de participar de xeito máis activo e organizado cando me sentín cómodo e preparado para iso.

### Que hai en común no grupo de persoas máis activas de ADEGA-Vigo?

A traxectoria activista ou política como de formación e profesión é moi variada, o que enriquece bastante ao noso traballo colectivo e está a dar unha sinerxía máis que

positiva. Case todas vimos dos movementos sociais e/ou sindicais da cidade e únenos a preocupación de ver o desleixo e as políticas da administración ante as problemáticas ambientais

### Que vos achega ADEGA?

Pois unha estrutura sólida con máis de 40 anos de traxectoria e con ampla base no país, así como experiencia, formación, aprendizaxe e asesoramento técnico. O proceso está a ser moi enriquecedor para nós, o que nos motiva a tomar con maior seriedade e compromiso esta nova andaina.

### O próximo 9 de xuño é o Día Mundial dos Océanos. Cal é a vosa posición?

A situación dos mares atópanse na

nosa axenda e liñas de acción prioritarias. Unha primeira acción foi a limpeza de praia en Patos, e tamén estamos a preparar unha campaña de sensibilización e de denuncia do lixo no mar e a súa repercusión negativa nos ecosistemas e na fauna mariña.

### Persoalmente, que problemática ambiental che preocupa máis?

Coa seca, a xestión da auga chegou o pasado outono a niveis críticos en Vigo. A solución a esta problemática non debe basearse en transvases e novos encoros, senón nunha xestión eficiente e en políticas de aforro deste ben común.

Tamén me preocupa o tema da mobilidade sostíbel ou a falta de espazos verdes en Vigo. Xa a nivel galego, salientaría a xestión forestal

vixente e a falta dun plano de prevención integral e efectivo contra os lumes forestais. Preocúpame moito o impacto das especies exóticas invasoras e destes lumes na biodiversidade, e atérranme as políticas económicas e de xestión dos recursos e do territorio que quedaron patentes coa Lei de Depredación da Xunta. A unha escala maior, o cambio global que está a experimentar o planeta nesta nova era xeolóxica que xa chaman antropoceno, e que nos vai deparar un futuro incerto.

### Como afrontaredes o traballo na comarca?

Por vías diversas, comezando pola denuncia e as alegacións a actuacións negativas para o medio, e a través de accións de voluntariado e custodia do territorio que nos permita poñelo en valor. Para min, a máxima "coñecer para protexer" é algo importante para pasar á acción e sumar xente na defensa do medio ambiente.

**"ATÉRRANME AS POLÍTICAS ECONÓMICAS E DE XESTIÓN DOS RECURSOS E DO TERRITORIO QUE QUEDARON PATENTES COA LEI DE DEPREDAÇÃO DA XUNTA"**

Ángel E. López Pérez, na imaxe, é presidente de ADEGA-Vigo desde o pasado mes de abril.